


VI CICLO DE CONCERTOS

**DO** música en diálogo  
coa arte, coa ciencia  
e co pensamento  
contemporáneos  
**AUDIBLE 2018**



vertixe sonora



## PRESENTACIÓN

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración de Vertixe Sonora, que procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio. A investigación de puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento é o eixo central do ciclo, que busca favorecer o achegamento do público non especializado á creación artística contemporánea e a conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible achega en cada concerto unha experiencia singular e reveladora que devolve a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano. Rachar fronteiras e romper formatos. Ou crear outros novos. Mostrar o diálogo e a interacción entre disciplinas, a priori, afastadas. Do Audible constitúe un ciclo que evoluciona e que lle propón ao público novos desafíos.

Tui, Ourense, A Coruña e Lugo son as catro paradas en 2018 dun ciclo que en cada edición se desenvolve en diferentes escenarios de todo o país, na procura de ampliar audiencias para a música contemporánea.

A primeira parada será o 25 de maio na igrexa de San Domingos de Tui, ao redor de Karlheinz Stockhausen, un dos grandes mestres da música do pasado século; con *Kontakte* (1960), a primeira composición verdadeiramente cadrafónica da historia. A cadrafonía é a predecesora do que hoxe coñecemos como dolby-surround. Foi a primeira tecnoloxía de consumo masivo de son surround. A segunda proposta do ciclo, o 14 de xuño na antiga capela do campus universitario de Ourense, xira arredor da literatura e da improvisación electroacústica desde Austria. Natascha Gangl, dramaturga e creadora de instalacións teatrais, argalla xunto a Rdeča Raketa, dúo electroacústico formado por Matja Osojnik e Matija Schellander, un cómic rebordante de enerxía baixo o título *Wendy vai a México*.

Tras o verán, o ciclo continúa o 23 de outubro no paraninfo da Universidade da Coruña. Sobre a composición material do son e o espazo que ocupa o feito sonoro versa a terceira proposta de Do Audible 2018, que nos enfronta coa dobre identidade música contemporánea / arte sonora en *Manifesto Gutai*. O reto final, no último concerto en Lugo, o 10 de novembro, é abordar desde a escoita e a intuición unha meditación iluminadora que resolve contradicións aparentes. A proposta *Koan* –pregunta ou diálogo no budismo zen–, con Elliot Simpson, envolverá, ademais, os estudantes do Conservatorio Xoán Montes, que, a partir dun obradoiro co músico, desenvolverán unha obra colectiva que explora a acústica do Vello Cárcere.

A través destas catro propostas, Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. O ciclo descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e afonda nas claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

## **PROGRAMA DO AUDIBLE 2018**

### **Kontakte**

Venres 25 de maio ás 20.00 h  
Igrexa de San Domingos de Tui  
Con Patrícia Martins, Michael Pattmann e Jaime Reis

### **Wendy vai a México. Un cómic sonoro**

Xoves 14 de xuño ás 20:00 h  
Antiga Capela do Campus Universitario de Ourense  
Con Natascha Gangl e Rdeča Raketa

### **Manifesto Gutai**

Martes 23 de outubro ás 20:00 h  
Paraninfo da Universidade da Coruña  
Con Pablo Vergara e Volkmar Klien

### **Koan**

Sábado 10 de novembro ás 20:00 h  
Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo  
Con Elliot Simpson

## KONTAKTE

Con Patrícia Martins, Michael Pattmann e Jaime Reis

**Venres 25 de maio ás 20.00 h**

Igrexa de San Domingos de Tui

Co apoio de: Fundação Stockhausen, Festival Días da Música Electroacústica (DME)

Coa colaboración de: Campus Crea s2i, Conservatorio Profesional de Música de Tui



### Programa:

KARLHEINZ STOCKHAUSEN (1928-2007)

Klavierstück V para *piano solo* (5'30)

Vibra-Elufa para *vibráfono solo* (10')

Natürliche Dauern n.º 6 para piano (5')

Kontakte (1960) para piano, percusión e electrónica (35')

Baixo o título de *Originale*, presentábase en Nova York, en 1961, unha versión de *Kontakte* (1960) na que participaban, entre outros, a chelista Charlotte Moorman, o artista Nam June Paik, o performer Robert Delford Brown, o fotógrafo Peter Moore, o compositor Alvin Lucier e o poeta Allan Ginsberg. Dirixía esta produción Allan Kaprow, creador dos *happening*. Foi un auténtico fito no desenvolvemento da vangarda artística americana e do movemento Fluxus, en particular.

A versión orixinal de *Kontakte* (1960), que se escoitará neste programa monográfico, trátase da primeira composición verdadeiramente cadrafónica da historia e das primeiras en combinar son pregravado e instrumentación ao vivo. Unha obra fundamental para entender a evolución da música electroacústica que permite asistir á construción e percepción do tempo musical, así como á exploración do espazo dende a difusión electrónica.

Visionario, grandilocuente, megalomaniaco, místico, excesivo, mesiánico, radical... Karlheinz Stockhausen foi un dos grandes mestres da música do pasado século. Axitador de estéticas renovadoras e precursor de innumerables ismos, como líder da vangarda alemá deulle continuidade a unha grandiosa tradición musical, celme da imaxinación sonora internacional de

todos os tempos.

O programa inclúe, ademais, o *Klavierstück V*, da serie *Klavierstücke*: 19 pezas para sintetizador ou *piano solo* que desenvolveu entre 1952 e 2003 e que conforman unha especie de íntimo e experimental diario de composición. E á mantenta das titánicas travesías nas que se embarcou no final da súa etapa creativa, poderanse escoitar *Vibra-Elufa* (2003), pertencente á ópera *Freitag aus Licht* (*Venres de Luz*) dentro do ciclo de óperas *Licht*; e *Natürliche Dauern n.º 6* (2006), incluída na serie de obras para diversas combinacións instrumentais *Klang–Die 24 Stunden des Tages*.

## Intérpretes



De esquerda á dereita, Patrícia Martins, Michael Pattmann e Jaime Reis

### **Patrícia Martins**, piano

É licenciada en piano, posgraio en ópera e estudos músico-teatrais na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo do Porto; mestrado en música de cámara baixo a dirección de Jean Geoffroy e Franck Krawczyk no Conservatoire Supérieur Musique et Danse de Lión.

### **Michael Pattmann**, percusión

Formouse co profesor Martin Schulz na Folkwang-Hochschule de Essen, Alemaña. Prosegue os seus estudos na clase de música de cámara do profesor Peter Eötvös na Staatliche Hochschule für Musik en Colonia. Alén da súa carreira de solista, Michael Pattmann toca regularmente en numerosos ensembles, tales como e-mex ensemble Essen, mp6-multipercussion-ensemble, anthos-ensemble, oh ton-ensemble, Ensemble musikFabrik.

### **Jaime Reis**, difusión musical

Iniciou os seus estudos musicais en Seia (Portugal) aos cinco anos, onde estudou, entre outros, co etnomusicólogo António Tilly. As súas primeiras composicións, para secuenciador MIDI, electrónica e pequenos conxuntos instrumentais foron iniciadas aos 12 anos. Alén do seu traballo mentres compositor, ten desenvolvido actividades como a dirección artística do festival Dni Muzyki Portugalskiej w Krakowie (Días de Música Portuguesa en Cracovia).

*Patrícia Martins* piano | *Michael Pattmann* percusión | *Jaime Reis* difusión electrónica

## WENDY VAI A MÉXICO. UN CÓMIC SONORO

Con Natascha Gangl e Rdeča Raketa

**Xoves 14 de xuño ás 20:00 h**

Antiga Capela do Campus Universitario de Ourense

**Co apoio de: Forum Cultural de Austria en Madrid, Vicerreitorado do Campus de Ourense**



À esquerda, Natascha Gangl, á dereita, Rdeča Raketa

### Programa

*Wendy vai a México* (2017). Natascha Gangl (Austria) e Rdeča Raketa (Austria)

*Wendy vai a México* ofrece un relato surrealista e disparatado sobre Wendy, a protagonista dun cómic para rapaza amazonas de mediados dos oitenta. Wendy é unha rapaza loira, que acabou por participar en carreiras de cabalos en México.

Neste drama radiofónico, que abrangue un impresionante panorama acústico, mestúrase música punk, gravacións de campo, electrónica analóxica, cintas e instrumentos acústicos.

A partir de materiais da súa primeira novela, publicada na editorial Ritter co mesmo título, a austríaca Natascha Gangl, dramaturga e creadora de instalacións teatrais, argalla xunto a Rdeča Raketa, dúo electroacústico formado por Matja Osojnik e Matija Schellander, esta pintura sonora repleta de enerxía.


**Natascha Gangl e Rdeča Raketa:** Maja Osojnik: voz, fruta paetzold baixo, gravacións de cassette, dispositivos electrónicos, xoguetes | Matija Schellander: baixo electrónico, sintetizador modular, computadora

## MANIFESTO GUTAI

Con Pablo Vergara e Volkmar Klien

**Martes 23 de outubro ás 20:00 h**

**Paraninfo da Universidade da Coruña**



Volkmar Klien

### Programa:

*Engraving on Bronze* (2016-17) para 3 percusionistas

*Into Open Noir* (2015-16): nova versión revisada (2018)\* para voz amplificada, guitarra eléctrica, saxofón e percusión.

Nova obra\* (2018) para voz amplificada, frauta, saxofón, percusión, guitarra eléctrica, violonchelo e contrabaixo.

\*Estreas absolutas, por encomenda de Vertixe Sonora.

No rexeitamento do virtual e nunha posición crítica cara ao desenvolvemento das sociedades dixitais e as novas tecnoloxías poderíase atopar, talvez, o xerme da recuperación da materialidade sonora como centro de gravidade do pensamento musical, que traslada o peso da creatividade á elección dos materiais e á súa manipulación. O son muta en materia e o compositor en escultor. O decisivo son as cualidades físicas e de produción do son.

De feito, e considerando a teoría cuántica, deixaría de ser esta cualidade corpórea do son unha abstracción útil. En efecto, se as partículas elementais da natureza, os fermións e os bosóns, son consideradas materia, tamén as vibracións do aire, como calquera entidade cuxa presenza nunha certa rexión do espazo-tempo, leva a que o tensor enerxía-impulso para a dita rexión sexa diferente a cero. E sería unha tarefa a desenvolver a nosa capacidade de escoitar o material, de percibir o espazo que ocupa o son, codificar a súa masa e o seu volume.

Esta nova concepción do sonoro como entidade vivente e tanxible terá inevitables consecuencias creativas. En calquera caso, demanda novas formas de relación. É a esperanza que abrigaba Jiro Yoshihara do grupo Gutai, xurdido a mediados dos anos cincuenta en Xapón, nunhas coordenadas completamente diferentes: “Se un deixa o material como é, presentándoo simplemente como material, este comeza entón a dicirnos algo con voz poderosa”.

Froito da súa persoal investigación sobre a materialidade sonora, o compositor Pablo Vergara publicou recentemente a tese *Compondo liñas*, na que reflexiona sobre a arqueoloxía antropolóxica das liñas de son, entendidas como sons continuos que cambian dunha maneira sutil pero perceptible (como un glissando ou un vibrato amplo e lento) e cuxo testemuño estético formula na triloxía que se presenta por primeira vez neste concerto en estrea mundial. Do mesmo xeito, a obra de Volkmar Klien, comisionada para a ocasión e cuxo rexistro estará presente en forma de instalación no vindeiro Modern Wien, presenta na súa dobre identidade (música contemporánea / arte sonora) unha dislocación característica da nosa época.

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto] Peyee Chen, soprano | Clara Saleiro, frauta | Pablo Coello, saxofón | Rubén Barros, guitarra eléctrica | Thomas Pel, violoncello | Carlos Méndez, contrabaixo | Diego Ventoso, Antonio Ocampo, Pablo Salgueiro, percusión




## KOAN

Con Elliot Simpson

**Sábado 10 de novembro ás 20:00 h**

Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo

Coa colaboración de: Departamento de Percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes, Concello de Lugo



Elliot Simpson

### Programa:

Creación colectiva Improvisación Koan\*

ALVIN LUCIER (1931)

Opera with objects (2005)

Music for piano with magnetic strings (1995)

Spider Paths (1994)

On the carpet of leaves illuminated by the moon (2000/2012)

JAMES TENNEY (1934-2006)

To weave (a meditation) (2003)

*Koan* (1971)

\*Participantes no obradoiro Koan

Coa súa orixe no budismo zen, un koan é unha pregunta, declaración ou diálogo que obriga o estudante, a través da meditación sobre o seu significado, a abandonar a dependencia da razón e a desenvolverse cara a unha iluminación intuitiva, onde as contradicións e dualidades poden ser afrontadas.

Na música de Alvin Lucier e James Tenney atopamos un desafío parecido: unha música, co seu revolucionario fundamento no proceso e o fenómeno sonoro, que resiste a narración, a interpretación e ata a definición de música, pero que é innegablemente fermosa e expresiva, e que representa un fío omnipresente na arte contemporánea.

Co gallo do concerto, o venres 9 de novembro, entre as 16:00 e as 20:00 horas, Elliot Simpson desenvolverá xunto co Departamento de Percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes o Obradoiro KOAN, aberto a participantes con ou sen experiencia musical previa no que calquera instrumentista, incluíndo cantantes, pode participar. Froito deste traballo colectivo presentárase a primeira creación do concerto.

## **Elliot Simpson**

O guitarrista Elliot Simpson (Novo México, Estados Unidos, 1987) estreou obras de figuras tan icónicas como Sofia Gubaidulina, Alvin Lucier, Michael Finnissy, Walter Zimmermann e Larry Polanski. Estudou con David Tanenbaum no Conservatorio de Música de San Francisco e con Zoran Dukic no Conservatorio Real da Haia, onde se beneficiou da prestixiosa bolsa Huygens do Ministerio de Educación, Cultura e Ciencia de Holanda.

Elliot Simpson, guitarras acústica e obxectos

## Vertixe Sonora



Vertixe Sonora Ensemble. Foto: Pablo Prados

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas. O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

[www.vertixesonora.net](http://www.vertixesonora.net)



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
**[prensa.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:prensa.cultura.educacion@xunta.gal)**  
Telf. 981 957 350 / 981 544 490

**[www.cultura.gal](http://www.cultura.gal)**

**vertixe sonora**



**XUNTA  
DE GALICIA**